

Día das
Letras Galegas

María Mariño, 2007



ELI REGUEIRA

Xosé Luis Méndez Ferrín

“Ninguén que saiba ler poesía pode soste-lo iso de que María Mariño foi un invento de Novoneyra”

Cal foi a impresión que lle causou a obra de María Mariño logo dunha primeira lectura?

-Non tiven unha primeira impresión propiamente dita porque xa ía preparado; xa falara dela nun artigo Arcadio López-Casanova, o libro fórame anunciado por Novoneyra, e xa oíra moitos comentarios antes de ler *Palabra no tempo*. Non houbo, pois, unha impresión perante do que non se espera; eu xa agardaba algo diferente, unha cousa nova, e a primeira lectura confirmouno. Trátase de algo inesperado, en todo caso.

-Así o deixou dito nun artigo de 1965, no que afirmaba Vde. que era o “libro máis inquietante, desconcertante e novo dos que viron a luz nestes últimos 26 anos de poesía galega”. Como viña ser esa poesía que achegaba María Mariño?

-Estaba escrita de forma que non tiña nada que ver coas tendencias da lírica; nin da galega nin do mundo, naquel momento. Non era una poesía lírica confesional, nin existencialista, nin moitísimo

menos tiña relación coa poesía social que era dominante en 1963. Ese “orixinalismo”, por dilo dalgunha maneira, porque non ten nada que ver con outros libros ou con outras traxectorias,

é o que a fai diferente. Probablemente, non lía moito, e alí estaba presente a poesía de Rosalía, pero, sobre todo, a lírica popular. Practicaba unha sorte de ruptura lingüística que me chamou pode-

rosisimamente a atención, e supoño que lla chamou tamén a todo o mundo. En min propiciou unha resposta positiva, pero eu entendo que houbo xente á que a irritou, e á que a segue irritando aínda, que non se atopan cómodos lendo a María Mariño. E é lóxico; nós lemos literatura sobre a literatura anterior que limos, do mesmo xeito que vemos cine sobre todo o cine anterior que vimos. E cando xorde algo do que non temos referentes, sentímonos incómodos, e hai que coller e aprender a nadar.

-Despois dela houbo algún poeta que continuase con esa ruptura?

-Non. O camiño de María Mariño é único, non se pode seguir. Porque ela rompe a lingua ao nivel da gramática, para tratar de

Foi un dos primeiros en contribuír, xunto con Novoneyra, ao recoñecemento de María Mariño e do seu “raro e valiosísimo mundo escuro”. Case medio século máis tarde, Xosé Luis Méndez Ferrín segue a defender o “orixinalismo” da poeta, mais rexeita o tópico que a considera unha descoñecida, desprezada pola crítica.

ENTREVISTA

María Mariño, 2007

Día das
Letras Galegas

VÉN DA PÁXINA ANTERIOR

expresar un tipo de vivencia mística, un misticismo ateo, unha procura da aniquilación do “eu” dentro do cosmos, poderíamos dicilo así. E claro; iso é moi persoal, algo que unicamente podía facer ela. Non hai posibilidades de que ese tipo de poesía teña seguidores, precisamente pola súa orixinalidade. Actitudes de transgresión dun sistema literario tan atrevidas como as dela foron, por exemplo, as de Manuel Antonio. Pero a de Manuel Antonio foi unha transgresión esperada, porque estaba adecuada ao que se estaba a facer dende San Petersburgo deica Roma e París. Manuel Antonio estaba facendo aquí o que facían aló Marinetti, Maïakovski... Polo tanto, era agardable que en 1923 houbera un Manuel Antonio. E nos nosos días vimos de asistir a unha ruptura moi potente da cadea retórica coa poeta Chus Pato. É outro salto adiante, pero moi diferente; non ten nada que ver co de María Mariño, entre outras cousas porque Chus Pato é unha poeta hiperculta e María Mariño non.

- *A pesar de estar apadriñada por Novoneyra, de ser prologada por Otero Pedrayo, das louvanzas que lle dedicaron Manuel María ou Fole, non todas as críticas foron positivas...*


-Non, non; nunca apareceu unha crítica negativa. O que si houbo foron comentarios privados, e tamén ausencias de crítica. O silencio máis chamativo foi o de Ricardo Carballo Calero, que era o crítico oficial.

- *De María Mariño cuestionouse a autoría dos seus poemas. Por que cre que xurdiron esas dúbidas?*

-Talvez unha explicación sexa que son uns poemas tan insólitos, unha poética tan diferente a todo o que se producía naquel momento que, xunto co feito de que non se soubese dela antes, deu que algúns falaran de que era un invento de Novoneyra. Pero ninguén que saiba ler poesía pode soste iso; se les os poemas de Novoneyra e os de María Mariño... si, hai algunha relación, nótese que ela leu a Novoneyra. Pero, como moi ben di Darío Xohán Cabana, tamén se lle nota a Novoneyra que leu a María Mariño. É dicir; Novoneyra nunca pegaría un “golpe de timón” e escribiría *Vietnam Canto* sen un previo contacto con María Mariño. Ou sexa, que as influencias tamén son de ida e de volta.

- *Nese cuestionamento, pensa Vde. que tivo algo que ver o feito de ser muller?*

-Nun país cuxo escritor fundamental é unha muller, Rosalía; no que, no século XIX, a contraditora da literatura galega era outra muller, Emilia Pardo Bazán... coído que non se poden interpretar en Galicia mitos feministas que siifuncionan na Inglaterra de Virginia Woolf. Pero en Galicia non, en Galicia ser



ELI REGUEIRA

muller e poeta xa predispón a estar ben vista.

- *E o seu descoñecemento?*

-Foi moi celebrada sempre! Unha das mitificacións que hai arredor de María Mariño é que era descoñecida. E non. Unha poeta que

sae á luz cun libro con prólogo de Otero Pedrayo -prólogo sentido, ademais, non de trámite-; que ocasiona o *Vietnam Canto* de Novoneyra; alguén a quen sobe renderlle homenaxe no Courel a plana maior de Galaxia, grandes ensaístas como García-Sabell; que vaia Victoria Armesto, que tiña un inmenso poder mediático ... Non se pode dicir que non fora aprezada. Os poetas da miña xeración foron defensores de María Mariño; Bernardino Graña, Avilés de Taramancos, Carlos Oroza... Por outra banda, está, non sei se en todas, pero nas principais antoloxías, César Antonio Molina adícalle unha atención especialísima... Non creo que se poida falar de silencio crí-

tico. Que conste que eu, nun principio, falei de silencio crítico arredor de María Mariño, pero pasou moito tempo e xa non hai tal. E menos agora, que xorde unha avalancha de publicacións, algunhas moi boas.

SOBRE MARÍA
MARIÑO
TECÉRONSE, E
SÉGUENSE A TECER
AÍNDA, MOITAS
LENDAS”

- *A que se debe ese tópico, entón?*

-Hai unha teima en dicir que tal poeta está moi esquecido, que é moi descoñecido. Entón hai que pensar: é moi descoñecido ou é moi descoñecido por min, que o acabo de descubrir? Hai que pensar se é ignorancia dun ou é unha ignorancia colectiva. En todo caso, sobre María Mariño tecéronse moitas lendas... e séguense a tecer. Unha delas é que non era autora dos seus poemas. Outra é o mito de que foi unha poetisa marxínada... e non o foi! Foi incluso moi mimada! E o último mito é sobre a súa vida; esaxéranse moito as súas dificultades vitais e trátase de crear unha novela coa seu devir, cando a súa é a biografía dunha muller normal. É dicir; calquer muller sen carreira, muller dun mestre rural.. pois vén ser unha María Mariño. Mira que non habería mulleres así... Sufriu a Guerra Civil, pero como calquera muller en España. Morreu un fillo, entrou nunha depresión... pois toda muller que lle morre un fillo sofre. Creo que se esaxera moito. Despois inventáronselle amoros por aí, que se Novoneyra ... todo ficticio! Como ía ter amoros con Novoneyra se era amiga da nai del e tiña, ademais, a mesma idade ca ela? É un disparate! Pero vaia, é até gracioso que se cree ese tipo de mitificación.

- *Carmen Blanco di, en María Mariño. Vida e obra, que “a poesía está onde está e todo o demais non importa para a poesía, aínda que outra cousa sexa para a ciencia literaria, e a historia e a teoría da literatura. Mais a poesía é o que en verdade importa”.*

-E eu estou de acordo con Carmen Blanco. Os autores son os que asinan as obras. Aínda que non fose ela a autora, eses poemas están aí, de alguén son. Entón que máis ten? O *Lazarillo de Tormes* é anónimo, pero alguén o escribiu. E María Mariño está aí. Mira eses “tolos” ingleses, xente extravagante que sostén que Shakespeare non escribiu as súas obras, que Shakespeare non existiu, que en realidade quen as escribiu foi Marlow ou Francis Bacon... Hai toda unha bibliografía interminable, moita xente afectonada a eses shows.

ROMPEU A
GRAMÁTICA PARA
EXPRESAR UNHA
SORTE DE
MISTICISMO ATEO”